

Troita

Nº 38

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Maio 2016

A XX Festa da Troita aposta por atraer a unhas 30.000 persoas a Oroso



A **Festa da Troita** celebra a súa vixésima edición do 6 ao 8 de maio. "E neste aniversario tan especial, dende o Concello quixemos elaborar un programa que incluíse actividades para todos os gustos e para todas as franxas de idade. Queremos que todos e todas deixen a un lado as preocupacións do día a día e o pasen o mellor posible durante estes tres días", explica o alcalde Manuel Mirás. Pola súa banda, Luís Rey Villaverde, concelleiro de Cultura e coordinador da Festa da Troita, indica que "se o tempo volve acompañar penso que podemos superar con creces os 25.000 visitantes do ano pasado e achegarnos máis ás 30.000 persoas. Para iso contamos tanto cun atractivo cartel de orquestras coma cun récord de participación na degustación de troitas do domingo".

Así, do 6 ao 8 de maio o **Festival Oroso en Vivo** traerá á alameda de Góis ás mellores orquestras de Galicia: Cinema e París de Noia (venres 6), Metrópolis e Los Satélites (sábado 7) e Bahía Blanca e Combo Dominicano (domingo 8). Tamén se mantén a exhibición de baile latino e country (sábado 9, ás 19:00 horas) e os distintos grupos locais, que realizarán varios pasacalles e actuacións durante a fin de semana.

A **Feira da Artesanía e os Oficios** contará cuns 25 postos, entre



os que se inclúen casetas de artesanía e de alimentación artesanal, carrusel de animais mitolóxicos e distintos espectáculos ao público. Dentro desta feira terá lugar a **II Feira da Cervexa Artesá de Sigüeiro**, na que se presentarán máis de 30 variedades de cervexa, haberá un sorteo de lotes de cervexa artesá e un cortador profesional de xamón.

Os artistas da Asociación de Amizade e das Artes Galego-Portuguesa, ademais de amosar as súas creacións na sala de exposicións do centro cultural de Sigüeiro (a mostra inaugurárase o venres 6, ás 20.30 horas, no centro cultural), estarán o sábado en diversos lugares do municipio amosando as súas técnicas e creacións.

Así mesmo, a **degustación de troitas** do domingo 8 de maio superará o récord de establecementos colaboradores: pois contará coa participación de 39 bares e restaurantes, que ofrecerán troitas con cada consumición. Luís Rey destaca e agradece "a colaboración destes establecementos que participan na degustación de troitas e que fan un investimento importante para poder agasallar á súa clientela". Unha degustación de troitas que terá lugar de xeito paralelo á organizada polo Concello de Oroso na Alameda de Góis, que repartirá 300 quilos ás 12:30 horas, o que sumará máis de 3.500 quilos de troita.

O **pregón** será ofrecido polo presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, ás 13:30 horas, coincidindo coa entrega de premios do **campionato de pesca**. Un acto que será presentado polo actor Luís Iglesia e que rematará cun xantar popular na carpa anexa á Alameda de Góis.

E **para os máis cativos**, ademais do Campionato de Pesca Infantil no Carboeiro, tamén haberá uns obradoiros infantís, a actuación de Peter Punk co espectáculo circense "Peor Imposible" e os xogos populares de Garabato de Xogos. Todas as actividades infantís serán na praza Isaac Díaz Pardo.



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





Instalarase unha baranda de seguridade ata rotonda

O Concello inviste 60.000 € na senda peonil de acceso ao CEIP Camiño Inglés



O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de construción da **senda peonil na N-550**, que conectará as beirarrúas de acceso ao CEIP do Camiño Inglés coa Alameda de Góis. Unhas obras nas que o Concello investirá 60.630 euros e que teñen un prazo de execución de 2 meses, aínda que o alcalde Manuel Mirás agarda que estean rematadas antes. "Temos

que pedirlle desculpas aos veciños polo atraso considerable que acumulan estas obras, primeiro polas modificacións que foi pedindo o Ministerio de Fomento e, nos últimos tempos, porque estivemos á espera de saber por onde virían as augas pluviais que se recollan dende a nova entrada da AP-9, pois diso dependería o diámetro do tubo de pluviais que se vai instalar nesta nova senda peonil", explica o rexedor orosán.

A nova senda peonil discorrerá pola marxe dereita da Avenida de Compostela e as súas características serán idénticas ás das outras 8 sendas xa existentes: dous metros de ancho, cunha base de zahorra artificial compactada e 15 cms. de formigón. A maiores, o Concello de Oroso instalará unha rede de recollida de pluviais, aparcadoiros e unha baranda de protección ata a rotonda da N-550. o paso de peóns solicitado polo Concello quedará a 66 metros da rotonda, de acordo coas especificacións aprobadas por Fomento. Estas obras únense ás realizadas nos accesos ao CEIP de Sigüeiro, que permitiron duplicar o ancho das beirarrúas.



O Concello entrega os premios o I Certame de Investigación do Camiño Inglés

O centro cultural de Sigüeiro acollerá venres 13 de maio, ás 20:30 horas, o acto de entrega dos premios da primeira edición do **Certame de Traballos de Investigación do Camiño Inglés**, no que hai establecidas tres categorías: investigadores, peregrinos maiores de 18 anos e mozos/as menores de 18 anos. A asistencia é totalmente libre e de balde. O concelleiro de Cultura, Luís Rey Villaverde, amosouse moi satisfeito tanto polo número de traballos presentados como pola calidade dos mesmos.

Publicadas as listaxes provisionais nas garderías da Ulloa e Chousa Nova

O Concello de Oroso vén de publicar na súa web (www.concellooroso.com) as listaxes provisionais de admitidos nas escolas infantís da Ulloa e Chousa Nova, polo que o prazo dispoñible para a presentación de reclamacións estará aberto ata o vindeiro 13 de maio. As listas definitivas de admitidos publicaranse o 30 de maio na propia páxina web, de xeito que as familias poidan formalizar a matrícula entre o 1 e o 10 de xuño. Os impresos poden descargarse dende a propia páxina web.





A canteira orosá non deixa de conseguir éxitos

Un día si e outro... tamén, a canteira orosá non deixa de conseguir éxitos nos máis variados deportes. Nesta ocasión temos que felicitar ao Club Xadrez Oroso, que segue a facer historia ao proclamarse Campión da Liga Galega de Xadrez 2016 despois de permanecer no primeiro posto durante as 11 xornadas do torneo. Isto supón o ascenso de categoría, o que suporá que para o ano que vén Oroso Norte e Sur xuntaranse para formar un gran equipo na súa andaina na nova categoría. Mentres, a rapazada do Xuventude Oroso segue a sumar título tras títulos. Os últimos foron os Infantís "B", que se proclamaron campións de liga e ascenderon a 1ª Autonómica. Previamente, os Benxamíns tamén acadaran o título de campións de Liga con varias xornadas de adiamento. Parabéns a todos/as!




Novos cursos para a Aula Mentor EducaOroso

A **Aula Mentor EducaOroso**, oferta dous novos cursos formativos relacionados coas novas tecnoloxías: "Creación de tendas online: e-commerce" e "Internet útil". A matrícula en calquera dos dous cursos pódese realizar na Aula Mentor EducaOroso (rúa do Deporte 7, Sigüeiro) ou no 981 688 950.



Últimos días para presentar candidatos á Gala da Cultura

Últimos días para propoñer candidatos á III Gala da Cultura do Concello de Oroso. Hai catro categorías: premio á Traxectoria, premio á Promesa 2015, premio á Asociación/Entidade e Premio á Empresa que en 2015 potenciasen a cultura. Máis información no centro cultural de Sigüeiro (981 690 903).





FOI NOTICIA...

Gran éxito do camiño escolar seguro "Caracole"

Máis de medio centenar de nenos e nenas de Oroso participan no proxecto "Caracole", unha iniciativa de educación viaria posta en marcha polo Concello de Oroso, o CEIP do Camiño Inglés e a ANPA Carboeiro que busca que o alumnado poida acudir ao colexio de forma autónoma e con total seguridade. A iniciativa conta coa colaboración de Protección Civil e da Policía Local, así como de varios establecementos comerciais de Sigüeiro.



Récord de participación no Concurso de Tapa en Tapa

A cafetería "Os 6 Ríos" e a tapa "O segredo dos 6 ríos", con 524 votos, gañaron o primeiro premio do VII Concurso de Tapas do Concello de Oroso, no que se degustaron unhas 4.500 tapas, o que representa un récord no certame e un 50,3% máis ca na edición anterior. O Bar Tapas foi o segundo clasificado, pois as súas "Milfollas de tenreira" recibiron 483 votos. Completa o podio o Sigu Café, cuxa "Tosta de lombo" recibiu 393 votos. Parabéns!



Unha dúcia de veciños e veciñas participaron nun obradoiro de maquillaxe e caracterización organizado polo Concello no seu programa de Obradoiros Culturais 2016. Un taller de 8 horas impartido pola Escola Galega de Tempo Libre.



Máis de 600 persoas participaron nos actos do Día das Persoas Maiores. O alcalde Manuel Mirás anunciou que o Concello está traballando, en colaboración coa Xunta, para incrementar o servizo de axuda a domicilio.



O Concello segue achegando as actividades do Observatorio Astronómico aos nenos e nenas de Oroso. Neste mes de abril xa participou o alumnado do CRA Oroso e do CEIP Camiño Inglés cunha charla sobre a exploración espacial.



Máis de medio milleiro de atletas

Amador Pena Torreira (C.D. Vagalume Energía) e Elena Matalobos Redondo (Sociedade Deportiva Barbantia Roda) foron os gañadores absolutos da IV Carreira Pedestre Concello de Oroso, na que participaron un total de 543 corredores. Uns atletas que contaron co alento de centos de veciños e veciñas de Oroso, que aproveitaron coma nunca o bo tempo para gozar dunha tarde de deporte e para aplaudir o esforzo dos corredores.

